

Libando aquí e acolá

XULIO VALCÁRCEL
xulioval@gmail.com

Manuel Cabada Castro reúne traballos aparecidos en diversos medios e sobre diferentes temas nunha publicación conxunta

Hai escritos que nacen coa vocación, humilde, de ocupar un espazo efémero nas páxinas dun xornal ou dunha revista. Responden a un momento concreto, a unha noticia, a unha inquedanza ou a un suceso que reclama unha reflexión inmediata. Mais, co paso do tempo, moitos deses textos acaban revelando unha condición inesperada: deixan de pertencer exclusivamente ao instante para existir en testemuño dunha época e dunha maneira de entender a realidade. Daquela, xorde a conveniencia de ordenalos e recollelos.

Non se trata, simplemente, de reunir artigos dispersos, senón de construír un diálago. Algo semellante ao que fixera Castelao nos seus "Retrincos": pequenas pezas, aparentemente autónomas, que, consideradas en conxunto, conforman unha visión completa, unha concepción e unha maneira de ver. Cada artigo convértese nunha proposta que acaba por enlearse coas outras, formando un tecido vario, complexo, incluso contradictorio sobre a situación do País. O resultado foi "Pasado, presente e porvir da Galiza. Libando aquí e acolá" (Manuel Cabada Castro Medulla Editorial. A Coruña, 2006. 250 pax).



Ilustración de
Gosia Trebacz
CEDIDA

O fio condutor destas reflexións é Galiza. Un país non é só unha sucesión de datas nin un espazo xeográfico. É unha memoria compartida, unha lingua, unha paisaxe, unha cultura e unha esperanza que cada xeración está chamada a renovar. As cuestións que aborda Cabada Castro, sendo varias, conflúen nunha mesma intencionalidade: a ecoloxía non aparece unicamente como unha defensa da natureza, senón como unha forma de respecto pola casa común, polo acervo herdado e polo que habermos de legar. A política deixa de ser o ruído cotián das confrontacións para converterse nun exercicio de responsabilidade cívica e de compromiso co ben común. A relixión, evocada

neste caso a través da tradición dos xesuítas e da figura do papa Francisco, preséntase como un convite permanente á fraternidade, á xustiza e ao diálogo.

Támén a lingua galega ocupa un lugar central. Porque nela repousa unha parte esencial da nosa identidade. Mesmo ao criticar a frase de Camilo José Cela "Quando desaparece unha lingua no pasa absolutamente nada", emerxen as complexas relacións entre lingua e pertenza, significando que o rigor científico non admite simplificacións nin xuízos precipitados. E, entre outros temas, xorden tamén as aves, as estacións, os camiños, a filosofía ou o fútbol. Realidades que nos devolven ao ritmo sereno da vida e

que nos ensinan que a beleza adoita habitar nos detalles máis sinxelos. Son esas observacións cotiás as que lle confiren humanidade ao pensamento e permiten que as reflexións se centren no verdadeiramente importante.

Cabada Castro concibe esta obra como "Conversas sen prásas, sen cesuras nin censuras", sen dogmatismos nin verdades definitivas. Un espazo onde a palabra poida respirar libremente e onde cada lector/a atope ocasión para discrepar, completar ou continuar o diálogo. Quizais esa sexa a razón última destes textos: a vontade de fixar ou conservar a memoria do pasado e a de abrir "horizontes libres para aprendermos a ser e a vivir".